



Acordo da Comisión Permanente da EIDUDC do 24 de xullo de 2015 sobre a orde de suplencia dos membros de tribunais de tese constituídos por tres membros.

Caso xeral:

En caso de imposibilidade de actuación do/a **presidente/a**, este/a será substituído/a polo/a vogal e este/a por un/unha dos/as suplentes seguindo a orde de suplencia.

En caso de imposibilidade de actuación do/a **secretario/a**, este/a será substituído/a polo/a vogal e este/a por un/unha dos/as suplentes seguindo a orde de suplencia.

En caso de imposibilidade de actuación do **vogal**, este/a será substituído/a por un/unha dos/as suplentes seguindo a orde de suplencia.

Teses con Mención Internacional:

Na proposta de tribunal dos dous membros suplentes, o segundo suplente debe ser estranxeiro⁽¹⁾.

En caso de imposibilidade de actuación do membro titular estranxeiro⁽¹⁾, este será substituído polo/a suplente estranxeiro/a⁽¹⁾.

En caso de imposibilidade de actuación do/a presidente/a ou do/a secretario/a (non sendo estes membros estranxeiros⁽¹⁾), a substitución recaerá sobre un/unha dos/as suplentes seguindo a orde de suplencia.

(1) Considéranse membros estranxeiros os expertos/as doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación localizada fóra de España.